

UGT-GALICIA CELEBRA EN SANTIAGO O SEU CONGRESO EXTRAORDINARIO

Neste elixiuse a delegación de UGT-Galicia ao 44º Congreso Confederal e debatiuse sobre a xestión da CEC e sobre a ponencia base

Redacción.- UGT-Galicia celebrou este mércores en Santiago o seu Congreso Extraordinario. Proceso no que foi elixida a delegación do Sindicato ao 44º Congreso Confederal, conformada por 15 persoas, como titulares, e 10 suplentes.

Ademais, neste Congreso debatiuse a xestión da Comisión Executiva Confederal ante o 44º Congreso e sobre a ponencia base.

En canto á xestión, na súa intervención, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, cualificouna como, globalmente, positiva. Insistiu en que esta arrancou nun contexto complexo, a era post Covid e a guerra en Ucraína, pero, a pesar destes fitos, España mellorou o comportamento da súa economía e en materia de emprego.

máis limitados cunha recuperación rápida e sostida.

A outra realidade foi o intenso proceso de diálogo social levado a cabo a nivel estatal con importantes acordos: reforma laboral, pensións, xubilación parcial, SMI, V AENC, a Estratexia española de seguridade e saúde no traballo, traballadoras do servizo do fogar ou redución de temporalidade no emprego público. Un tempo de intenso traballo no que se melloraron dereitos e reverteron reformas. Así, UGT foi capaz de articular espazos de diálogo e concertación, elaborando



propostas, pero tamén mobilizándose cando foi necesario. Quedou reforzado o papel do diálogo social.

Neste contexto UGT mantívose como unha organización de referencia, con

facere fronte ás importantes e vertixinosas transformacións que se aveciñan dende os principios da solidariedade, igualdade, internacionalismo, pluralidade, democracia e xustiza social.

Para isto, a ponencia base confederal aposta por unha nova Lei para a promoción e desenvolvemento do diálogo social e a negociación colectiva e por unha Lei de participación institucional, así como seguir incidindo na necesidade de potenciar os sistemas de solución autónoma de conflitos.

As políticas públicas deben ter como obxectivo central lograr un desenvolvemento económico, social e ambientalmente sostible.

Tamen urxe acometer unha reforma fiscal, apostar polo I+D+i, traballar por acadar máis e mellor emprego e máis e mellores servizos públicos.

UGT tamén vai avogar por un novo Estatuto das persoas traballadoras do século XXI e por unha nova Lei de dereitos dixitais e intelixencia artificial. En materia de seguridade e saúde laboral, o Sindicato considera que chegou o momento dunha Lei de prevención de riscos laborais do século XXI.

Haberá que seguir poñendo enriba da mesa medidas que garantan a igualdade e insistir en dar garantías ao Estado de benestar.

No contexto internacional, UGT continúa apostando pola democracia global.



A isto contribuíron, de seguro, dúas realidades, por unha banda, a xestión política e económica da crise da COVID, totalmente contraria a que se levou a cabo no 2008, impregnada de políticas de austeridade e recesivas. No 2008 as consecuencias desta nefasta xestión foron unha recesión que durou cinco anos e que provocou a destrución masiva de emprego e tecido empresarial e un saldo dramático en materia de desigualdade. Fronte a isto, na xestión da crise da COVID, a implantación de regras xustas de repartición dos custos da crise, trouxo consigo unha recesión curta e con danos moito

niveis de afiliación e representación moi significativos. De cara ao novo Congreso, UGT terá que acertar a nivel organizativo para continuar facendo un sindicato eficiente e con capacidade de resposta, apuntou Gómez.

En canto á ponencia base, o secretario xeral de UGT-Galicia explicou que o seu "leitmotiv" vai ser a transformación do mundo en beneficio das persoas traballadoras. Así, outórgaselle un papel central á clase traballadora no deseño e execución dun modelo sostible de sociedade, capaz de

UGT e CCOO DEFENDEN A INSTITUCIONALIZACIÓN DO DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA A TRAVÉS DUN REGULAMENTO ESPECÍFICO

Ambas as dúas organizacións séguenlle reclamando á Xunta unha mesa de política social

Redacción.- O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, e a secretaria xeral do S. N. de CCOO de Galicia, Amelia Pérez, reuníronse este xoves en Santiago co conselleiro de Emprego, José González. Nesta xuntanza concluíron a necesidade de institucionalizar o diálogo social en Galicia. Para conseguilo, a Xunta ten previsto promover un regulamento específico, seguindo o exemplo doutras comunidades autónomas.

Malia esta coincidencia, UGT e CCOO séguenlle reclamando ao Goberno galego

a creación dunha mesa de política social onde poder abordar diferentes problemáticas que se dan en Galicia canto á prestación dos servizos sociais.

As mesas, cuxa creación está confirmada, son as de igualdade, que ademais será a primeira en reunirse e comezar os seus traballos; a de industria e enerxía; a de emprego, onde tratar as necesidades de perfís profesionais que demandan as empresas; e a de seguridade e saúde laboral.

Canto a esta última mesa, os sindicatos aplauden a súa creación, pois levábase reclamando desde había meses. UGT e CCOO coidan imprescindible traballar canto antes na elevada sinistralidade laboral que se dá entre a poboación traballadora galega. Tamén tratará a necesidade de abordar o fenómeno do absentismo desde múltiples perspectivas, tendo en conta tamén a situación da sanidade pública galega (listaxes de espera, falta de medios na atención primaria, etc.).

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE R MOBILÍZANSE NA CORUÑA CONTRA OS DESPEDIMENTOS

Redacción.- Este mércores, traballadores e traballadoras de R mobilizáronse no Obelisco, na Coruña, en contra do ERE presentado por MasOrange, que vai supoñer, segundo as últimas cifras facilitadas pola empresa, o despedimento dunhas 20 persoas en Galicia, dun total de 800 a nivel de todo o Estado.

UGT rexeita estes despedimentos e insiste na voluntariedade das saídas e na

mellora das indemnizacións propostas pola empresa.

As negociacións continúan e dende UGT apóstase por seguir traballando para buscar unha saída xusta a este conflito laboral.



UGT FICA PARTICIPA NA REUNIÓN DO COMITÉ SINDICAL GLOBAL DE INDITEX EN ARTEIXO

Para avaliar a marcha dos distintos plans de traballo establecidos para 2025

Redacción.- O Comité Sindical Global da multinacional Inditex, do que forma parte UGT FICA, reuniuse esa semana en Arteixo (A Coruña) para avaliar a evolución dos plans de traballo postos en marcha para o ano 2025, no marco do Acordo Internacional asinado entre sindicatos e empresa.

O Comité Sindical Global está formado por nove membros, que representan a todas as persoas traballadoras da cadea de subministracións mundial do grupo Inditex, que engloba a uns 7.000 provedores de 53 países diferentes, que dan emprego a uns tres millóns de persoas traballadoras.

A parte sindical do Comité dedicou unha xornada a analizar os plans de traballo de cada agrupación industrial e a avaliar os problemas laborais xurdidos en cada re-

xión da cadea de subministracións. Ademais, aproveitaron a xornada para manter unha reunión co Comité de Empresa Europeo de Inditex e intercambiar información sobre as dificultades existentes en cada ámbito de actuación sindical, europea e mundial.

A segunda xornada centrouse en expoñer aos responsables de sustentabilidade de Inditex os problemas tratados pola parte sindical e buscar solucións conxuntas dentro do Acordo Marco Internacional, así como examinar o plan de traballo previsto para o ano próximo.

O Acordo Marco Internacional (AMI)



asinado por IndustriALL Global Union, do que forma parte UGT FICA, e polo grupo Inditex, ten por obxecto establecer mecanismos que permitan o cumprimento dos estándares laborais mínimos en todas as plantas da multinacional española na súa cadea de subministracións mundial.

A SEGUNDA XORNADA DE FOLGA NA CRTVG ACADA UN IMPORTANTE SEGUIMENTO E PARALIZA O PROGRAMA EXTERNALIZADO

Redacción.- Este mércores tivo lugar a segunda xornada de folga na CRTVG en defensa da produción propia e contra a externalización que está a agravar a manipulación no ente público galego. Este paro foi secundado por máis traballadores e traballadoras que o primeiro, o do pasado luns, e conseguiu de novo paralizar durante hora e media a emisión de “O Termómetro”, o programa substituto de “A Revista”, que agora pasou a mans de produtoras externas.

O éxito desta xornada de folga tivo lugar pese a actitude da dirección da CRTVG que procurou manter a toda costa a emisión do devandito programa, manobrando para colocar en postos chave a persoas afíns á empresa que lle permitisen sacar o produto ao aire, o que non conseguiron.

Pero a CRTVG foi máis aló co seu obxectivo de rebentar a folga. Cando arrancou o novo programa, o director de recursos humanos comprometeuse a que isto non ía supoñer modificacións substanciais das condicións laborais de ninguén, non obstante, dous traballadores da TVG, o produ-



tor do Termómetro e o realizador que ía conducilo ao regreso das súas vacacións recibiron sendas cartas nas que se lles informaba da modificación do horario, pasándoos á quenda de tarde, coa intención de afastalos.

Así, o comité de folga, comunicou que ambos traballadores recorrerán estas modificacións por consideralas represalias coas que a empresa intenta blindar a emisión nun contexto de folga.

UGT E CCOO CONVOCAN FOLGA NO TRANSPORTE POR ESTRADA PARA ESIXIR A XUBILACIÓN ANTICIPADA DOS CONDUTORES PROFESIONAIS

Redacción.- UGT e CCOO convocan ás traballadoras e traballadores do sector do transporte de mercadorías, viaxeiros por estrada e transporte público urbano a participar en sete xornadas de folga, programadas para os días 28 de outubro, 11, 28 e 29 de novembro, e 5, 9 e 23 de decembro. A partir desta última data, a folga será indefinida.

O obxectivo desta mobilización é reclamar a xubilación anticipada das persoas condutoras profesionais mediante a aplicación de coeficientes redutores debido á penosidade e perigo da profesión.

Ambos os sindicatos tamén solicitan que os convenios contemplan a posibilidade dunha xubilación parcial con contrato de substitución, de carácter voluntario para a persoa condutora, permitindo que se poida acumular a porcentaxe de xornada restante e ceder o seu posto a unha persoa nova. Esta medida sería temporal ata que os coeficientes redutores se apliquen de maneira definitiva.

Folga contra as patronais do sector

De forma adicional, UGT e CCOO de-

nuncian que as autoridades e as patronais bloquearon sistematicamente a implementación destas medidas nos últimos anos. A folga xeral non só busca a regulación por parte do Goberno, senón que está dirixida, principalmente, contra as patronais do transporte por estrada, a quen consideran directamente responsables das condicións laborais no sector e de garantir a seguridade e saúde das persoas condutoras de maior idade.

Neste sentido, tal e como sinalou o vicesecretario xeral de FeSMC-UGT, Pedro Aller, «non existe contradición entre os acordos aos que se está chegando desde as confederacións de UGT e CCOO co Goberno no ámbito da xubilación anticipada coa convocatoria desta folga. Hai un procedemento para a valoración da penosidade que existe na profesión que na nosa opinión está desactualizado e non se está aplicando no sector do transporte». Respecto ás asociacións empresariais, Aller sinalou a estas como o principal escollo para o acordo e para unha reivindicación conxunta da xubilación anticipada ante o Goberno: «As patronais están a dificultar a presentación e tramitación da documenta-

ción necesaria que debe avalar os nosos argumentos e a nosa reivindicación ante a Administración».

Durante os últimos meses, ambos os sindicatos realizaron diversas accións, como reunións coa patronal e os ministerios de Transporte, Mobilidade Sostible, Traballo, Economía Social e Inclusión, Seguridade Social e Migracións, ademais de concentracións, mobilizacións e iniciativas parlamentarias apoiadas por grupos políticos. Con todo, ningunha delas logrou avances significativos, o que levou á decisión de convocar estes paros.

Desde UGT e CCOO apélase á comprensión da sociedade polas posibles consecuencias da folga, xa que o seu propósito último é protexer a seguridade viaria de todas e todos, así como mellorar a calidade de vida da clase traballadora.

Finalmente, faise un chamamento a todas as persoas traballadoras do transporte por estrada e ás súas organizacións para lograr que a folga sexa un éxito alcanzando os obxectivos que a motivan.

ESPAÑA SUSPENDE NA PROTECCIÓN DA SAÚDE MENTAL DAS PERSOAS TRABALLADORAS: UN 37% DECLARA SUFRIR ESTRÉS, DEPRESIÓN OU ANSIEDADE CAUSADOS POLO TRABALLO

UGT reivindica a elaboración dunha normativa específica que protexa a saúde mental das persoas traballadoras

Redacción.- Con motivo da conmemoración do Día Mundial da Saúde Mental o 10 de outubro, UGT actualizou o Informe: Saúde Mental e Traballo para coñecer o estado de situación e expoñer as propostas do sindicato nesta materia.

Todos coñecemos persoas traballadoras tensas polos altos ritmos de traballo, a conectividade permanente, a imposibilidade de desconectar ou a sobrecarga de tarefas e a alta intensidade das mesmas. Tampouco podemos esquecer a aquelas que sofren acoso e violencia laboral, o que lles provoca cadros depresivos e de ansiedade, nin a aquelas que xa padecen unha enfermidade mental e que afrontan o traballo cada día co estigma que iso supón.

Nos 9 primeiros meses do ano contabilizáronse no noso país máis de 468.000 baixas laborais de persoas traballadoras derivadas de problemas de saúde mental e UGT estima que en 2024 van superar as máis de 600.000 baixas por este motivo que se rexistraron en 2023.

O 34% da poboación en España padece algún problema de saúde mental, algo que afecta en maior medida ás mulleres. A ansiedade, a depresión e os trastornos do sono son os problemas máis frecuentes. Outro dato demoledor é que cada día suíciñanse 11 persoas no noso país, segundo datos provisionais, 3.952 persoas suicidáronse en 2023.

UGT lembra que o traballo inflúe notablemente na mellor ou peor saúde mental, e é que unhas deficientes condicións de traballo (temporalidade, inseguridade laboral ou longas xornadas), a incorrecta organización do mesmo ou contornos laborais onde hai presenza de violencia ou acoso laboral son danos para a saúde mental.

Un 48% das persoas traballadoras en España declaran estar expostas a unha gran presión de tempo ou sobrecarga de traballo, estando por encima da media europea (46%). Un 19% din estar expostos á violencia ou os abusos verbais por parte de clientes, pacientes, alumnos etc., fronte ao 16% da media da Unión Europea. Ademais, un 37% declara sufrir estrés, depresión ou ansiedade causados polo traballo, igualmente sendo o dato de España superior á media da UE (27%).

Transición dixital, climática e demográfica

Están a xestionarse riscos laborais do século XXI cun sistema do século pasado, polo que é importante avanzar e adaptarse á nova realidade do mundo do traballo de forma urxente.

O mundo do traballo está en constante transformación véndose afectado polas transicións dixital, climática e demográfica que afectan á saúde mental. Hai estudos que apuntan a un aumento do 2,2% da mortalidade relacionada coa saúde mental por cada grao centígrado de aumento da temperatura, o mesmo sucede coa dixitalización, a monitorización constante ou a intensificación do traballo derivada das decisións tomadas por máquinas que non se programan sobre límites humanos ou como os erros que se producen de funcionamento acaban provocando serios problemas de saúde física e mental das traballadoras e traballadores.

Existen, por tanto, unha serie de factores psicosociais e organizativos aos que se debe prestar atención e que deben previrase como a hiperconectividade, a carga de traballo cuantitativa, a sobrecarga cualitativa, a demanda psicolóxica de natureza cognitiva etc. Ademais, o sindicato insiste en que debe garantirse o dereito á desconexión dixital.

Fronte a esta situación, UGT considera que os problemas de saúde mental no traballo deben ser abordados de forma decidida para acabar con eles e garantir unha protección adecuada da seguridade e saúde das persoas traballadoras.

Avaliación de riscos psicosociais e recoñecemento de enfermidades profesionais

En primeiro lugar, débese acabar coa deficiente avaliación dos riscos psicosociais de orixe laboral nas empresas, así como coa falta de recoñecemento da orixe profesional das patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais.



Se fosen recoñecidas como continxencia profesional, deberían ser tratadas e xestionadas cos recursos das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, polo que deixaría de asumir o custo do seu tratamento e xestión o Sistema Público de Saúde, do que debemos destacar o importante déficit de profesionais en psicología que presenta. O transvasamento destas patoloxías de orixe profesional á sanidade pública provoca unha maior sobrecarga do sistema e o aumento das listas de espera.

Adaptar a Lei ás novas realidades

Para atallar este problema, é necesario actualizar a Lei de Prevención de Riscos Laborais para adaptala ás novas realidades do traballo e mellorar a xestión nas empresas dos riscos psicosociais co obxectivo de garantir a protección da saúde mental.

Actualmente, atópase aberta a Mesa de Diálogo Social sobre prevención de riscos laborais onde continúan as negociacións respecto diso e onde xa se observan algúns avances. Con todo, o Sindicato continúa reivindicando a nivel nacional a elaboración dunha normativa diferenciada sobre a xestión dos riscos psicosociais de orixe laboral, así como a actualización da listaxe de enfermidades profesionais para que sexan incluídas as patoloxías asociadas a estes riscos laborais. A nivel europeo, é esencial unha Directiva comunitaria que sirva de paraugas para todos os Estados membro.

O sindicato fai un chamamento a todos os axentes implicados para actuar xuntos e conseguir acabar con esta pandemia silenciosa que padecen tantas persoas traballadoras no noso país.

UGT REIVINDICA QUE AS PERSOAS TRABALLADORAS MERECEAN PAZ E DEMOCRACIA NO DÍA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE

A organización sindical reclaman un mundo onde a xustiza social, o traballo decente e unha paz duradeira permitan á clase traballadora desenvolver os seus proxectos de vida

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) únese ás reivindicacións para reclamar un mundo onde a xustiza social, o traballo decente e unha paz duradeira permitan á clase traballadora desenvolver os seus proxectos de vida con motivo da Xornada Mundial polo Traballo Decente que se celebrou este luns, 7 de outubro.

O sindicato defende, a través dunha campaña conxunta coa Confederación Sindical Internacional (CSI) e as súas afiliadas e Comisións Obreiras (CCOO), que a loita por desenvolver o traballo decente pasa por lograr unha maior protección social, o aumento dos salarios e a redución da xornada laboral. A xuízo das tres organizacións, esta é a “única forma de reducir a explotación, a precariedade e problemas de saúde laboral que sofre a clase traballadora”.

Por iso, UGT, CSI e CCOO poñen o foco na poboación traballadora que se atopa no medio dun conflito militar. “A violencia e os conflitos bélicos castigan principalmente aos traballadores e ás traballadoras que sofren en maior medida os efectos da inflación, os seus empregos desaparecen, son forzadas a migrar ou desprazarse e, en última instancia, a súa integridade física periga ou perden as súas vidas”, lembran.

“É importante que neste día destaquemos a situación que se vive en países



como Myanmar, Iemen, a rexión do Sahel ou Ucraína. Solidarizámonos coas traballadoras e traballadores destes países e de todos aqueles nos que existen conflitos e expresamos a nosa condena a quen causa tantas mortes e horror”, sinalan na declaración conxunta.

Do mesmo xeito, UGT, CSI e CCOO fan fincapé en que “a situación que se vive en Palestina é dunha crueldade sen parangón na historia da humanidade”: “aínda que en xeral a opinión pública mundial está abertamente en contra destas accións ilegais do Goberno de Netanyahu, os principais gobernos de Occidente e Israel mantéñense imperturbables nas súas accións

militares e nos seus silencios cómplices”, denuncian.

Ante esta realidade UGT e CCOO facemos un chamamento pola paz e a aposta do diálogo e a diplomacia como única forma de resolución dos conflitos e esiximos ás institucións europeas que fomenten e defendan solucións pacíficas”, finalizan. Igualmente, celebran o recoñecemento do Goberno español do Estado Palestino, pero esixen “que a súa actividade e accións pola defensa do pobo palestino non queden limitadas a este recoñecemento, senón que sexan encamiñadas a posicións claras e enérxicas para parar o xenocidio israelí en Palestina”.

UGT NON NEGOCIARÁ AS BAIXAS LABORAIS FLEXIBLES CO MINISTERIO E AVOGA POR INCIDIR NAS CAUSAS E A PREVENCIÓN DAS MESMAS

O sindicato cre que calquera proposta sobre o estado de saúde da persoa traballadora debe partir dos servizos públicos de saúde e o seu debate debe comezar pola asistencia sanitaria e os prazos que na Sanidade Pública se dan para o diagnóstico, tratamento e a recuperación total do doente

Redacción.- En relación á convocatoria de reunión para o próximo día 14 de outubro, UGT quere destacar que non vai negociar as chamadas “baixas laborais flexibles” co Ministerio.

É a nosa intención axustarnos ao obxecto da convocatoria que recibimos e que é do seguinte tenor: “Convocámonos a unha reunión da Mesa de Diálogo Social para a constitución dos grupos de traballo técnicos en materia de incapacidade temporal previstos no acordo social tripartito”.

En consecuencia, rexeitamos e non negociaremos nada que se aparte do obxecto para o que fomos convocados. En canto á idea que se trasladou á opinión pública por parte da titular do Ministerio, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) reitera o seu rexeitamento tanto da forma como do fondo da proposta, tal e como manifestaron os distintos membros da dirección do sindicato ante a opinión pública.

A nós parécenos que debemos centrarnos na orixe das baixas co obxectivo de prever moito máis e mellor de como se está

facendo na actualidade. Logo debemos facer fincapé no seu diagnóstico, tratamento e curación para que as persoas reciban toda a atención á que teñen dereito -incluída a situación de IT que sexa precisa- e recuperen totalmente a saúde.

Por todo iso, cremos que calquera proposta sobre o estado de saúde da persoa traballadora debe partir dos servizos públicos de saúde e o seu debate debe comezar pola asistencia sanitaria e os prazos que na Sanidade Pública danse para o diagnóstico, tratamento e a recuperación total do paciente.